



## **A APDR ESIXE Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS CONTRA A CONTAMINACIÓN DE ENCE**

Recollen os medios de comunicación de hoxe mércores os datos de emisión de  $\text{SO}_2$  na caldeira de recuperación de ENCE, lugar no que a empresa sitúa a avaría que provocou un importante escape o pasado domingo día 11 que afectou a un elevado número de persoas na nosa vila. Pódese observar que o valor medio acadado nesa data para a emisión do composto químico citado ( $129 \text{ mg/N m}^3$ ) está moi por riba dos valores medios acadados ao longo do período que vai desde o 13 de xullo á actualidade. E facendo de novo gala da súa tradicional prepotencia e falta de respecto cara á cidadanía, a dirección de ENCE pretende minimizar o incidente insistindo en que os episodios olorosos rexistrados o pasado domingo non poden ser a causa das afeccións respiratorias nin dos danos na saúde referidos polas persoas; trátase, sen máis, de episodios olorosos desagradábeis ao olfacto. Deberían engadir, xa postos, que non nos teñen que sorprender porque levamos xa 50 anos soportándoos; a que veñen agora estas queixas? E atrévese a afirmar que, en calquera caso, este valor de emisión está por baixo dos  $200 \text{ mg/N m}^3$  fixado na Autorización Ambiental Integrada (AAI) pola Xunta de Galicia coma valor máximo permitido para este parámetro.

### **Diante desta situación, a APDR quere expresar o seguinte:**

1º.- A poboación de Pontevedra e a comarca debería coñecer os valores acadados para este contaminante entre as 16:30 e as 22 horas do domingo, pois –segundo admite agora ENCE– neste espazo de tempo téñense producido dous “episodios olorosos fóra do normal”.

2º.- Quedou abondo probada a existencia de molestias e danos na saúde das persoas que sufriron o impacto das emisións de  $\text{SO}_2$  procedentes do escape de ENCE.

3º.- De ser certo que os valores de emisión de dióxido de xofre o domingo pasado non superaron nunca o valor permitido pola Xunta de Galicia na AAI de ENCE, resulta probada tamén a incidencia negativa para a saúde das emisións deste composto químico mesmo a concentracións permitidas na citada autorización.

4º.- Neste sentido, esiximos á Xunta de Galicia que revise os niveis de  $\text{SO}_2$  permitidos na AAI e os axuste por baixo dos niveis de afectación á saúde das persoas e, en todo caso, por baixo dos valores acadados na emisión de ENCE o pasado domingo.

5º.- Chamamos a atención do goberno galego sobre a necesidade de garantir a inocuidade das emisións de ENCE sobre a cidadanía, polo que debería acometer tamén esta adecuación dos niveis de emisión da AAI de ENCE para outros produtos potencialmente prexudiciais para a saúde.

6º.- De non poder cumprir ENCE coas novas esixencias que vimos de solicitar da Xunta de Galicia, a administración autonómica debería proceder á retirada inmediata da AAI a ENCE, unha autorización que en calquera caso –e en base á probada incidencia negativa da empresa sobre os recursos naturais, o medio ambiente e a saúde e a calidade de vida das persoas– non debería ser renovada no ano 2015 no que finaliza a actual renovación.

Pontevedra, 14 de agosto de 2013-08-14



Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR